

**CONSULTA PUBLICA PREVIA A TRAMITACIÓN E APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS DA CIDADE DE VIGO.****EXPEDIENTE 2667-449**

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 9 de agosto de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, para a redacción, tramitación e aprobación do Regulamento do servizo de transporte urbano de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo , a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran recollidos no Anexo 1 do presente acordo.”

Durante o prazo concedido ao efecto ate o día 10 de setembro foron presentadas as seguintes opinións :

Nº 1.- [REDACTED]: presenta opinións en relación coas tarifas , servizos especiais de transportes, lanzadeiras, mobilidade, traballadores, vultos, interiores , novas tecnoloxías , paradas .

Ditas opinións son relativas ao contido do prego de condicións con excepción das relativas aos vultos que foron analizadas e incluídas parcialmente.

Nº2.- [REDACTED]: gratuidade para os carentes de recursos e para a tarxeta social; autobús nocturno entre o hospital Alvaro Cunqueiro e o centro de cidade .

Ditas opinións son relativas ao contido do prego de condicións , e aos acordos municipais en relación coas tarifas.

Nº3.- [REDACTED]: gratuidade para os carentes de recursos e para a tarxeta social; autobús nocturno entre o hospital Alvaro Cunqueiro e o centro de cidade .

Ditas opinións son relativas ao contido do prego de condicións , e aos acordos municipais en relación coas tarifas.

Nº4.- [REDACTED]: presentan opinións en relación co ámbito territorial, tarifas, itinerarios, dereitos dos usuarios , animais de compañía, tipos de billete, municipalización do servizo , sistema de lanzadeiras coas parroquias , dotar as parroquias con novas liñas ate o hospital Alvaro Cunqueiro e até Campus universitario de Lagoas , Marcosende.

Ditas opinións son relativas ao contido do prego de condicións , con excepción das relativas aos dereitos dos usuarios e animais de compañía que que foron analizadas e incluídas parcialmente.

Nº5.- [REDACTED] presenta unha proposta de transporte aos hospitais coñecida e suxerida polos traballadores.



Dita proposta e relativa ao contido do prego de condicións e será estudada no seu momento.

Nº6.- [REDACTED]: presenta as seguintes suxestións : baixar os prezos e crear bonos de 10 €, mais frecuencias nas liñas que van aos barrios , que as liñas funcione o fin se semana , prolongar os horarios ate a meia noite e mais liñas nocturnas .

Dita proposta e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº7.- [REDACTED]: presenta as seguintes apartacións : maior frecuencia entre Vigo e os hospitais , conexión continuada as 24 horas do día e os 7 días da semana, unha app clara , e que tódolos buses teñan encendida a pantalla cos nomes das paradas .

Dita proposta e relativa ao contido do prego de condicións.

Nº8.- OFICINA TÉCNICA DO PLAN LOCAL SOBRE DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS ADICCIÓNS DO CONCELLO DE VIGO : suxiren o uso gratuíto do transporte urbano en autobús a un colectivo de persoas sen recursos.

Dita opinión non e relativa ao regulamento .

Nº9.- [REDACTED]: suxire a comunicación dos núcleos turísticos e empresariais da Area de Vigo , mellora do bus nocturno

Dita proposta e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº10.- [REDACTED]: suxire que os condutores utilicen os baños públicos existentes na vía publica.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº11.- [REDACTED]: suxire unha app para a compra de bonos e cancelación dos mesmos .

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº12 .- [REDACTED]: suxire mellora do servizo ao Hospital Alvaro Cunqueiro .

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº13.- [REDACTED]: suxire control del aforo del autobús e que os estudantes do Conservatorio Superior de musica acceder a tarxeta perfil universitario.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº14.- [REDACTED]: suxire unha app para recargar a tarxeta on line.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº15.- [REDACTED] Suxire que o servizo sexa público sen concesión a empresas privadas. Mellor conexión con polígonos e zonas residencias. Mesmo servizo os fins de semana. Baixada de prezos.

Dita opinión no que se refire a formula de prestación do servizo e relativa a acordos municipais e non ao regulamento e o resto son relativas ao contido do prego de condicións .

Nº16.- [REDACTED]: Suxire, instalación paneis horarios en todas as paradas y una app oficial y bien regulada.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .





Nº17.- [REDACTED] Mellora horarios evitando que pasen autobuses xuntos e así ter servizo cada 5-10 minutos. Mellora do servizo en Av de Madrid e durante as fins de semana. Ampliar horarios de primeira e última hora.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº18.- [REDACTED]: Suxire que se mellore a conexión co aeroporto, horarios fin de semana e festivos. Indicación da ruta no interior dos autobuses.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº19.- [REDACTED]: En relación co servizo ao Cuvi debido a excesiva duración do viaxe suxire, creación nova lanzadeira nos barrios Centro-Teis e aumentar o tempo de trasbordo a 75 min así como aumentar o número de autobuses nas horas pico.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº20.- [REDACTED]: Suxire que se lle exixa a empresa concesionaria unha implementación progresiva de autobuses eléctricos ata acadar o 100%.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº21.- [REDACTED] Suxire mas frecuencia nas parroquias rurais e a creación dun abono menusal que permita o uso ilimitado.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº22.- [REDACTED]: Suxire que se coordinen o os horarios do servizo ao Hospital Alvaro Cunqueiro cos turnos dos traballadores; que non se reduza o servizo as fins de semana e festivos e establecer un servizo nocturno.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº23.- [REDACTED]: Suxire que a tarxeta de transporte sexa gratuíta para as persoas incluídas no perfil social e tamén para as persoas sen recursos. Que se habilite un servizo nocturno ao Hospital Álvaro Cunqueiro.

Dita opinión e relativa en canto o tipo de tarxetas aos acordos municipais sobre as tarifas e a relativa ao servizo nocturno ao hospital Alvaro Cunqueiro ao contido do prego de condicións .

Nº24.- [REDACTED]: Suxire o mesmo que o n.º 23.

Dita opinión e relativa en canto o tipo de tarxetas aos acordos municipais sobre as tarifas e a relativa ao servizo nocturno ao hospital Alvaro Cunqueiro ao contido do prego de condicións .

Nº25.- [REDACTED]: Suxire o mesmo que o n.º 23, engadindo que se mellore o uso da climatización dentro do autobús.

Dita opinión e relativa en canto o tipo de tarxetas aos acordos municipais sobre as tarifas e a relativa ao servizo nocturno ao hospital Alvaro Cunqueiro e a climatización e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº26.- [REDACTED] Suxire o mesmo que o n.º 23.

Dita opinión e relativa en canto o tipo de tarxetas aos acordos municipais sobre as tarifas e a relativa ao servizo nocturno ao hospital Alvaro Cunqueiro ao contido do prego de condicións





Nº27. [REDACTED]: Suxire o mesmo que o n.º 23

Dita opinión e relativa en canto o tipo de tarxetas aos acordos municipais sobre as tarifas e a relativa ao servizo nocturno ao hospital Alvaro Cunqueiro ao contido do prego de condicións .

Nº28. [REDACTED]: Suxire mellor planificación das liñas e a mellora da conexión co aeroporto, Hospital Álvaro Cunqueiro e Balaídos cando haxa partido).

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº29. [REDACTED]: Suxire que se permita o acceso ao bus a mascotas y que o autobus baixe automaticamente a plataforma/rampa en todas as paradas, tanto para subir coma para baixar, sen necesidade de solicitude previa.

Inclúese no articulado do regulamento

Nº30. [REDACTED]: suxire máis frecuencia autobuses sobre todo as fins de semana. Ampliar o horario a primeira e última hora. Comunicar calquera punto da cidade con liñas mais cortas mediante trasbordos.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións.

Nº31. [REDACTED]: Suxire unha baixada de tarifas e ampliar a oferta de bonos de transporte; engadir o servizo no transporte metropolitano, exixir en cada renovación da flota a adquisición de modelos máis ecolóxicos e conectar mediante lanzadeiras o puntos estratéxicos (estacións, aeroportos, hospitais...).

Dita opinión en relación cos bonos e o transporte metropolitano e relativa a acordos municipais e as demais son relativas ao contido do prego de condicións

Nº32.-P.P: O servizo debe prestarse en condicións de igualdade e non discriminación, calidade e eficacia, tendo en conta aos usuarios debendo medirse periodicamente o grao de satisfacción. Reorganización completa con mais liñas e frecuencias e mellora do servizo a puntos coma o HAC, Nova cidade da Xustiza, Nova estación Intermodal, servizo as parroquias e ao aeroporto. Nas paradas debe figurar información en tempo real e wifi. Acceso co móbil tanto ao propio servizo como a información. Adaptación progresiva da frota as melloras tecnolóxicas na mobilidade eléctrica ou híbrida e aos combustibles menos contaminantes. Revisión das tarifas.

As suxestións en canto as condicións do servizo en relación cos viaxeiros xa se recollen no texto do regulamento e as relativas as liñas e servizos son relativas ao contido do prego de condicións .

Nº33.-GRUPO MUNICIPAL MAREA DE VIGO: Envían unha proposta de Regulamento.

Dita proposta foi estudada , considerando que algúns dos seus artigos correspondes ao prego de condicións, outros xa figuran incluídos e outros foron incorporados.

Nº34.-COLECTIVO VIGO HISTÓRICO: Achegan propostas en canto a peatonalización da zona centro, planificación das liñas e paradas. Crear ou incluír nesta a xestión do servizo de aluguer de bicis e creación de aparcadoiros para bicis – MVP.

A opinión non e relativa ao contido do regulamento .

Nº35.- [REDACTED]: Suxire remunicipalizar o servizo (al menos 51% público – 49% privado).



A opinión non e relativa ao contido do regulamento.

Nº36.- [REDACTED]: Suxire a creación de liñas con percorridos circulares e máis curtos pero con maior frecuencia que permitan comunicar todas as zonas co centro cada 10-15min e logo trasbordar. Reforzo das liñas que comunican con centros de traballo; Creación dunha tarifa plana mensual. Os horarios deben ser coherentes e sinxelos e indica que as liñas que compartan parte do percorrido non deberían pasar xuntas. Suxire complementar o servizo con un servizo de alugar de bicicletas ou patinetes eléctricos.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº37.- [REDACTED]: Suxire a creación dun bono mensual ou para días laborable; creación dunha tarxeta turista; prohibición de fumar nas paradas; poder pagar co teléfono. Queixase de que os autobuses non se arriban a parada e paran no medio da calzada.

A suxestión son relativas a acordos municipais así como ao contido do prego de condicións salvo no relativo a parada dos autobuses para recoller aos viaxeiros que xa se inclúe no regulamento.

Nº38.- [REDACTED]: Suxire a mellora dos horarios para que as liñas non pasen xuntas; implementación dun bono mensual; mellora do servizo nocturno.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº39.- [REDACTED]: Suxire o mesmo que o n.º 23 engadindo que as persoas estranxeiras sen permiso de residencia o en situación “irregular” en situación de exclusión social ou sen recursos, que figuren empadroadas en Vigo teñan acceso a tarxeta gratuíta.

Dita opinión e relativa en canto o tipo de tarxetas aos acordos municipais sobre as tarifas e a relativa ao servizo nocturno ao hospital Alvaro Cunqueiro ao contido do prego de condicións .

Nº40.- [REDACTED] Suxire que se poida facer transbordo co billete normal (sen tarxeta) e aumentar o tempo do transbordo

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións do percorrido e paradas da liña; mellorar o información sobre cambios/cancelacións servizos (audio); Liñas pequenas.

Se inclúe parcialmente no articulado do regulamento.

Nº42.- [REDACTED]: mas frecuencia de autobuses para o Hospital Meixueiro.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº43.- [REDACTED]: No se pode renovar un servizo tan lamentable.

A prorroga do servizo foi denunciada , polo que se esta traballando nun novo contrato.

Nº44.- [REDACTED]: Poder cargar a tarxeta sen ter que pagar comisión.

A tarxeta pode cargarse sen comisión coa tarxeta de Abanca e en metálico nos caixeiros

Nº45.- [REDACTED]: queixase polo servizo ao H. Alvaro Cunqueiro, transbordo e duración do percorrido.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº46.- [REDACTED]: Descontento coa cobertura e horarios do servizo na zona de Alcabre, falta de liña directa ao HAC e servizo insuficiente domingos e festivos.



Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións.

Nº47. [REDACTED]: Require unha liña ao HAC que cubra o horario dos traballadores nas quendas de manana, tarde e noite.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº48. [REDACTED] Os horarios no son compatibles cos horarios normais de traballo e colexio.

Os horarios actuais están estudados e implantados para dar servizo as necesidades dos usuarios especialmente aos desprazamentos ao traballo e centros de estudo.

Nº49. [REDACTED]: Mellorar o servizo na Av. Atlántida – Castelao, mais frecuencia para a liña 10 e pide una marquesina na última parada de Castelao.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións , e a petición da marquesina incluese para estudio nos próximos días.

Nº 50. [REDACTED]: Queixase polo mal funcionamento das liñas e os atrasos, solapación das liñas e o bus nocturno quédase corto en traxectos.

Tomase nota da suxestión para estudio e no seu caso valoración para a súa inclusión no prego de condicións técnicas que rexerá o futuro servizo.

Nº 51. [REDACTED]. Vitrasa non está a altura dunha cidade como Vigo, impuntual, sucio e algunhas parroquias aisladas.

A prorroga do servizo foi denunciada , polo que se esta traballando nun novo contrato.

Nº 52. [REDACTED] Maior frecuencia nas liñas. enlaces entre Coia e Teis evitando o centro.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

*Nº 53. y 54. [REDACTED]. Solicitan que o autobús H 2 chegue ao Hospital as 8:00 horas para consultas médicas e que a xente non leve o coche particular.

O autobús H2 que sae as 6,50 chega ao hospital as 7,40 para dar servizo aso traballadores e as primeiras consultas non obstante tomase nota da suxestión para os estudos que estanse a realizar .

Nº 55. [REDACTED]. A liña entre Candean e o Hospital Alvaro Cunqueiro que cubra as tres quendas de traballadores.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº 56. [REDACTED]. Que a liña 13 funcione todos os días e que empece antes como as 7:00 horas para os traballadores do Meixueiro.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº 57. [REDACTED]. Mais servizo na zona de Hispanidad. Solo pasa a liña 16 en un sentido dende o centro .

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº 58. [REDACTED] Considera o prezo do traxecto elevado y que sería positiva a competencia.



A opinión non e relativa ao contido do regulamento .

***Nº 59 y 60.** Solicitan autobuses a zonas de traballo como o Parque Tecnolóxico de Vigo, a horas adecuadas de entrada e salda de traballadores.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións.

Nº 61. Que no salgan os buses a mesma hora de orixe xa que coinciden logo xuntos no centro, en lugar de pasar espaciados.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº 62. Maior frecuencia nas liñas que van a os distintos hospitais da cidade.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº 63. Condución abusiva por parte dos condutores, se incorporan sen mirar, no paran nas paradas senón a tres metros delas.

Inclúese no articulado do regulamento

Nº 64. Condución mala. Moitos freados. Cando chove precisaríase un sistema para gardar os paraugas nunha bolsa. Servizo a Hospital para os traballadores .

Inclúese parcialmente no articulado do regulamento e estudarase o relativo ao servizo ao Hospital nos estudos que se realizan para a futura concesión.

Nº65. Algunha liña mais pola rúa Aragón.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº66. Castrelos – mais frecuencia horaria de autobuses.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº67. : Mais frecuencia Liña 8 zona de Galindra – Monte de la mina.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº68. Unha liña que pase ao menos cada hora por Roteas.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº69. : Adaptación do servizo aos hospitais aos horarios dos traballadores.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº70. : Mellora do trato co público por parte dos condutores.

Inclúese no articulado do regulamento

Nº71. : A aplicación MOOVIT non da información real sobre os horarios. Distancia real nos horarios de paso das diferentes liñas por Travesía y poñer orugas nas horas puntas. C3 cada 10 min y 5A cada 15-20min.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº72. : Liñas máis cortas pero máis eficientes e con máis frecuencias. Mais información é mais accesible sobre as liñas e transbordos. Mellora do servizo na periferia.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .





Nº73.- [REDACTED] Adecuar o servizo ao HAC cos horarios dos traballadores.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº74.- [REDACTED] Mellora servizo al HAC, frecuencias e horarios, mellora tempo transbordos.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións.

Nº75.- [REDACTED] Solicita unha liña de autobús nocturno dende Florida; liñas que vaian a estación de autobús, tren e barco coordinadas en canto a horarios. Mellora dos autobuses vellos e máis orugas para as praias, concertos e eventos.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións . En relación aos autobuses en servizo axústanse estritamente as prescricións do prego de condicións que rexe o servizo.

Nº76.- [REDACTED]: Liña C3 até Teixugueiras.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións.

Nº77.- [REDACTED]: Liñas de transporte por Pizarro, Pz. España, até o Vao-Canido.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº78.- [REDACTED] Solicita diversas melloras en Navia. Liñas Navia – Camelias. Liñas C3 e C4C pasen por Navia. Ampliación das liñas até os n.º 1,3,5 de Teixugueiras. Ampliar horarios L13 y LH. Mellora servizos a primeira hora, fin de semana e festivos. Ampliar horario última saída dende Navia. Mellora do servizo nocturno.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº79.- [REDACTED]: Mellora servizo ao HAC dende Navia

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº80.- [REDACTED]: Mellora do servizo a Corujo – Roteas (L29): mais horarios e servizo fin de semana.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº81.- [REDACTED] Mais frecuencia dos autobuses por Sardoma – Moledo – C. Saa Monte. Baixada de prezo do servizo e máis descontos en función do soldo de cada familia. Mais autobuses ao CUVI en horarios de entrada e saída. Colocar marquesinas nas paradas do CUVI.

A opinión non e relativa ao contido do regulamento senón o contido do prego de condicións.

Nº82.- [REDACTED]: Mellora servizo por Av. Aeroporto (L. 9A, 9B y 27) último viaxe máis tarde. Mellora da puntualidade.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº83.- [REDACTED] Gustaríalle que se mantiveran os mesmos responsables (Vitrasa).

A opinión non e relativa ao contido do regulamento

Nº84.- [REDACTED]: Adecuación do servizo ao HAC a os horarios dos traballadores.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº85.- [REDACTED]: Mellora servizo ao HAC dende Teis.





Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº86. [REDACTED]: Melloras nos horarios no extraradio (Casás)

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº87. [REDACTED] Tarxeta metropolitana para uso de Vitrasa – Mellora conexións con Samil en inverno e liñas nocturnas – mas comunicación nocturna cos Hospitais – Colocar un mapa cos recorridos no interior dos autobuses e megafonía de paradas – cargar a tarxeta no propio autobús.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº88. [REDACTED]: Puntualidade e trato do condutor cos clientes.

Inclúese no articulado do regulamento

Nº89. [REDACTED]: Mellora conexión con PTL e melloras no sistema de recarga da tarxeta para no pagar comisiones si no tes conta en Abanca.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións e en relación co tarxeta pode cargarse sen comisión en metálico nos caixeiros

Nº90. [REDACTED]: Continuar las lineas 8 y 15c en Verano en Ctra. Plantas.

Dita opinión e relativa ao contido do prego de condicións .

Nº91. [REDACTED] **(doc 190137068) no figura ningún archivo adjunto.**

Nº92.- FEDERACION DE ASOCIACIONES DE VECINOS EDUARDO CHAO FAVEC: Suxire a creación dunha empresa municipal (capital min 51% público) para unha mellor xestión en canto a tarifas sociais, medio ambiente... e cumprir as prevision do pliego de 1993 en canto a auditorias e reversión de bens.

A opinión non e relativa ao contido do regulamento.

Nº 93.- [REDACTED]: Suxire o mesmo que o n.º 23.

Dita opinión e relativa en canto o tipo de tarxetas aos acordos municipais sobre as tarifas e a relativa ao servizo nocturno ao hospital Alvaro Cunqueiro ao contido do prego de condicións .

Nº 94.- [REDACTED] indica que como usuaria habitual lle gustaría participar na recollida de información sobre o transporte público urbano.

Se lle informara do período de exposición publica do regulamento con posterioridade a súa aprobación inicial

Nº 95. [REDACTED]: indica que estaría interesada en participar no estudo de Vitrasa.

Se lle informara do período de exposición publica do regulamento con posterioridade a súa aprobación inicial

Nº 96. [REDACTED]: Inda que no está de acordo coa enquisa , porque a maior parte dos usuarios do transporte a descoñecen e polo funcionamento pésimo.

A opinión non e relativa ao contido do regulamento .



**SERVIZO DE
TRANSPORTES**

**ÁREA DE FOMENTO E
SERVIZOS**

**CONCELLO
DE VIGO**



Nº 97. [REDACTED]: Comunica dúbidas sobre o procedemento para participar na enquisa .

Se lle informara do período de exposición pública do regulamento con posterioridade a súa aprobación inicial

Nº 98. [REDACTED]: dúbidas sobre o procedemento para participar.

Se lle informara do período de exposición pública do regulamento con posterioridade a súa aprobación inicial

ASINADO : A XEFA DO SERVIZO DE TRANSPORTES : Carmen Pintado Garcia



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/10/2020 10:03

Páxina 10 de 10

Expediente 2667/449

CSV: 2FEE86-313E8F-AD2HCF-CZFCAE-KKSKJP-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>